

LETRAS DE BLANCO TORRES

XOSÉ RAMÓN PENA

Como cada ano, desde que en 1963 se celebrou o centenario da publicación dos *Cantares* rosalianos, o 17 de maio vai estar dedicado –a proposta da Real Academia Galega– ao estudio, análise e difusión da obra dun escritor galego de entre aqueles que, por dereito propio, pertencen xa ao conxunto do que ben podemos denominar os *nosos clásicos*. Desta volta, e coincidindo co derradeiro ano –ano santo compostelano, doutra parte– do milenio, a proposta académica deu no labor de Roberto Blanco Torres: sen dúbida, alguén que, ata a data, non contaba especialmente con traballos, achegas... arredor da súa participación nas nosas letras, figurando, máis ben –ou, mesmo sen que houbera, sequera, ningunha referencia– entre o grupo de «autores menores», «outros autores»... dentro dos manuais, historias e antoloxías realizadas ata o momento.

Certamente –e digámolo xa, antes de máis nada– a aportación de Blanco Torres á literatura galega é, polo menos, ben escasa canto ao número de textos conservados. De feito, tan só chegou a publicar na nosa lingua –para alén de poemas aparecidos en revistas como *Suevia*, *Vida Gallega*, *A Nosa Terra* ou *Nós*– un único libro de poemas: *Orballo da media noite* (1929). Polo demais, cómpre dicir que, polo que se refire á calidade dos textos, Blanco Torres non é, se cadra, un poeta comparábel, poñamos por caso, a Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro... por citar tan só algúns daqueles que coincidiron –ou, caso de Cunqueiro, que iniciaron a súa andaina– nunha cronoloxía próxima á do autor que imos homenaxear nas Letras Galegas de 1999. En fin, como xa dixemos, se ben que no seu momento –e como sequera veremos brevemente– *Orballo da media noite* foi unha obra ben recibida e incluso apreciada, a realidade é que, ao longo de todos estes anos, o seu autor pasou practicamente inadvertido nos diferentes volumes que se teñen

dedicado ao período que vai desde 1900 ata o estoupido da Guerra Civil.

¿A que se debeu tal? ¿É «normal» ese esquecemento ou, polo contrario, devén verdadeiramente impropio e inxusto?

Desde logo, a(s) resposta(s) nunca poderá ser inequívoca. Como dixemos, acontece que a lírica de Blanco Torres non alcance, na opinión de máis dun crítico, a altura –polo menos, nun repaso diacrónico ata os nosos días– doutros autores do seu tempo. Do mesmo xeito, ben pode suceder, tamén, que a temática, o estilo... do autor nos semellen afastados do noso gusto e preferencias. Agora ben, mesmo se todo o anterior fose certo, mesmo asumindo o noso dereito a preferir tal ou cal obra, autor... non deixa de ser verdade que: dunha banda, Blanco Torres –é dicir: *todo Blanco Torres*: o autor en galego, pero tamén o galeguista comprometido que escribe en castelán ducias e máis ducias de artigos¹– é alguén que, senón imprescindible, si resulta de nítido e importante relevo na historia do movemento nacionalista galego que se inicia coa fundación (1917) das Irmandades da Fala e que continuará (1931) co Partido Galeguista e mais coa aprobación do Estatuto de Autonomía (xuño de 1936); doutra parte, centrándonos xa no apartado da lírica, os poemas que compoñen *Orballo da media noite* acaban por presentar un volume, desde logo, *claramente inusual e singular* dentro das correntes imperantes na poesía galega das primeiras

¹ Certamente, nunha perspectiva de hoxe pode semellar un contrasenso que alguén que militaba activamente no nacionalismo galego escribise, fundamentalmente, en castelán (como sinalamos, o quefacer xornalístico de Blanco Torres nesa lingua supera amplamente ao labor lírico, en galego). Sen embargo, unha apreciación, sen prexuízos, da nosa historia lévanos, de contado, a comprendermos as circunstancias, o ambiente, a situación... que motivaron tal proceder no que, polo demais, Blanco Torres dista moito de constituír o único caso que podemos amosar.

décadas do século. Trátase, xa que logo, de versos que sorprenden ao lector e aínda ao historiador da nosa literatura que, acaso, non reparara neles anteriormente —e poñamos aquí o correspondente *mea culpa*— coa debida atención. En fin, coidamos, da nosa parte, que todo este conxunto de factores determinan que a elección de Roberto Blanco Torres estea plenamente xustificada e que a través do seu legado poidamos reparar, matizar, concretar, discutir... moi diferentes perspectivas da historia das letras galegas e aínda da historia, en xeral, do noso país.

Nacido en Cuntis (Pontevedra) o 18 de marzo de 1891, no seo dunha familia numerosa, Roberto Blanco Torres vai emigrar a Cuba a penas contando 15 anos —logo do pasamento do seu pai—, onde xa o agardaban dous irmáns máis vellos. A experiencia na *pérola das Antillas* do noso autor vai durar unha década, pero, sen dúbida, vai ser decisiva para dous aspectos fundamentais da súa vida: dunha parte, é en Cuba onde realmente inicia a súa aventura como xornalista, un quefacer que non abandonará xa durante o resto dos seus anos; doutra parte, en La Habana entra en contacto con personalidades como Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Xulio Sigüenza e mesmo Basilio Álvarez que o decidirán a defender e militar sempre nas esferas do galeguismo. Como sinalamos, a estadia cubana —e baixo, sobre todo, o pseudónimo de *Fray Roblanto*— propicia a súa participación, entre outros, en *La Alborada* ou *La Tierra Gallega*.

En 1916, Blanco Torres retorna a Galicia e desde os primeiros momentos será un colaborador activo do proxecto que ese mesmo ano inician as Irmandades da Fala. Catro anos máis tarde, verémolo aínda traballando no xornal —ferrolán, daquela— *El Correo Gallego* se ben que esta experiencia a penas duraría un ano.

Chamado por Basilio Álvarez, pasará a formar parte, como redactor-xefe —e mesmo como director, logo— de *La Zarpa*, o xornal fundado en Ourense polo líder agrario de Acción Gallega. Ao tempo, a asinatura de Blanco Torres é requerida tamén polos xornais de Madrid e así constan artigos seus aparecidos nas páxinas de *El Heraldo*, *El Liberal* ou *El Sol*.

En 1926, Blanco Torres inicia a súa «etapa viguesa» —ao tempo que contrae matrimonio— e que o levará polas redaccións de *Galicia* e *El Pueblo Gallego*, se ben que neste último xornal vivirá unha amarga experiencia ao enfrontarse abertamente con Portela Valladares.

En 1931 proclámase a IIª. República e durante algún tempo Blanco Torres vai participar activamente en política, sendo nomeado gobernador civil de Palencia en 1932. En 1936, co novo triunfo da coalición de esquerdas é nomeado xefe do Gabinete de Prensa do Ministerio de Gobernación.

Como é ben sabido, en xullo de 1936 prodúcese a sublevación militar que axiña conducirá cara á Guerra Civil. Localizado en Amido (A Peroxa), Blanco Torres é detido e encarcerado en Ourense e aínda que os esforzos dun irmán sacerdote consigan poñelo, provisionalmente, en liberdade, novamente coñecerá a cadea; desta vez, en Celanova.

E da cadea de Celanova foi levado, nun dos habituais *paseos* do momento, para que o seu corpo aparecese morto, finalmente, nunha gabia de San Fiz de Gález (Entrimo) na mañá do 2 de outubro de 1936, contando a penas 45 anos de idade.

Xornalista, poeta, galeguista... como indicamos a obra de Blanco Torres, en libro, límitase tan só a dous volumes: en verso, a *Orballo da media noite* (1929) e, en prosa, a *De esto y de lo otro* (1930). Sen embargo, como tamén xa subliñamos, a súa aportación —e imónos referir, fundamentalmente, nas liñas que seguen ao apartado lírico— presenta características certamente singulares dentro do panorama das letras galegas que lle foron contemporáneas.

Como temos sinalado en varias oportunidades en diferentes lugares, entendemos que o espacio que vai desde 1916 ata o inicio da Guerra Civil caracterízase, na arte e mais nas letras galegas polo que ben podemos definir como a *procura dunha estética nacional*. Certamente, non se trata, polo demais, dunha apreciación que proceda da nosa propia ollada arredor do momento, senón que, antes ben, foi enunciada, espallada e mesmo *case programada* polos líderes do galeguismo: uns líderes que, desde sempre, tentaron que a dirección política e mais a dirección cultural do galeguismo camiñasen á par —o que non significa, porén, que houbese unha subordinación cega das letras aos intereses políticos; máis ben, estamos diante dun proceso de continua interrelación. Son numerosos os artigos, conferencias... de autores como Antón Villar Ponte, Vicente Risco, Castelao... sempre nesa xeira de buscar unha cultura galega que, ao tempo, recollese o mellor da nosa tradición, pero que fose capaz, igualmente, de *estar ao día*, de presentar unha *imaxe universal de Galicia* sen por iso renunciar en ningún momento á enxebreza ou, mellor dito, a aqueles sinais de identidade que os

homes das Irmandades e do chamado *Grupo Nós* consideraron como especialmente representativos da nosa esencia, da nosa identidade como pobo diferenciado. De aí, pois, por exemplo, as continuas louvanzas á obra de Ramón Cabanillas, o poeta por antonomasia do momento, e de aí tamén, por exemplo, a mestura, a procura dunha síntese entre o universal e o galego, entre as novas técnicas teatrais e a dramaturxia popular que é posíbel observar en *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

Agora ben; dicir estética nacional non significa dicir unha única dirección, unha única temática. Antes ben, esa estética –baseada, iso si, sempre sobre o que se consideraba, temática e estilisticamente, galego– manifestouse, ao tempo, en fórmulas diverxentes como poden ser os versos de Cabanillas, a aportación de cada un dos membros de *Nós* e tamén o contacto «pactado» coas vangardas que se produce, especialmente, no movemento hilozoísta que terá o seu maior representante na figura de Luís Amado Carballo. En realidade –e como tamén temos analizado xa noutras ocasións– tan só Manuel Antonio, o prematuramente desaparecido autor de *De catro a catro* e algúns exemplos do primeiro Cunqueiro-poeta parecen romper, decididamente, con esa panorámica xeral.

E xa que logo, ¿que espacio ocupa, así as cousas, *Orballo da media noite*?

Nunha recente edición do poemario², Miro Villar fala de *sincretismo* á hora de definir o conxunto da produción poética de Blanco Torres. É doado concordar con Villar se por sincretismo entendemos, desde logo, a presenza de diferentes influencias, a busca dunha conciliación de estilos, temáticas... ao longo da obra que estamos a observar. Agora ben, mesmo aceptando isto, mesmo dando por válida a propia estruturación que o libro presenta en dúas partes: unha primeira «subxectiva», «filosófica» ou de «enunciación de principios» e unha segunda «obxectiva», «social»... entendemos que *Orballo da media noite* presenta, en realidade, unha verdadeira unidade temático-estilística que se concentra, ao noso entender, no que poderíamos denominar *robustez expresiva*. Ou o que vén ser o mesmo: na nosa estima, a segunda parte do poemario –*obxectiva, social*...– aparece como a continuación *lóxica* da primeira: enunciación de principios. Efectivamente, e como xa anotou no seu momento Vicente Risco

desde as páxinas de *Nós*, estamos diante de *versos de filósofo*. Tal non quere dicir, nin moito menos, que nos esteamos a ocupar dunha lírica na que se evidencia unha ausencia de verdadeiro sentimento; ben polo contrario –e como acontece, por exemplo, no seu admirado Miguel de Unamuno, con quen son evidentes as comparanzas– a poesía xorde, en Blanco Torres, como a *saída natural* para o vigor, para a convicción nas crenzas, nas actitudes éticas e vitais. Deste xeito, a angustia existencial, o sentimento trágico –na liña dun cristianismo progresista–, o compromiso político-social... inzan as páxinas de *Orballo da media noite*. Non hai, pois, fractura entre a primeira e mais a segunda parte do volume –ao noso entender–, senón unha continuidade que repousa, dunha banda, no fondo ético común e doutra –e isto é, igualmente, de especial importancia– na *concepción rítmica*.

Como dixemos, o feito de que esteamos diante dunha obra cun evidente fondo filosófico, non impide para nada que atopemos un cultivo, unha preocupación constante polo ritmo, ao longo de todos os versos. A variedade métrica e, sobre todo, a perseverancia no metro ben medido constitúen, á par da procura dunha linguaxe eficaz –que determina a procura dun vocabulario, por veces, sorprendente– os elementos fundamentais de carácter formal sobre os que se ergue o edificio lírico de Blanco Torres. E todo iso, cun propósito esencial e decidido: atinxir a máis directa, a máis próxima comunicación co lector, dado que –iso tamén nos parece innegábel– estamos perante unha *obra de tese*. O dramatismo de certos versos:

Fulgor de dita que a morrer convoca,
trais do ronsel que no misterio toca
a cencia é inútil e o afán se frustra
¡Ou sempiterno sono de bonanza!
Se o deseo en Jesus atopa esperanza,
crudel anguria encontra en Zaratustra!

maniféstase aínda nesoutros –da segunda parte do libro–, que responden a un carácter máis social e que conteñen, ben probabelmente, unha decidida sátira contra a actitude de amplos sectores da poboación española perante a dictadura do xeneral Primo de Rivera:

Diante o pretorio, bárbara e feroz,
«crucifixe eum, crucifixe eum», berraba
a turba desmandanda contra un Dios.

² Blanco Torres, R., *Orballo da media noite*, Ed.Xerais, Vigo, 1999 (edición de Miro Villar).

Arestora, didiante un pobre mílite,
a moitedume, sempre igual, ornea:
«¡O salvador, que viva o salvador!»

Así pois, e para concluírmos xa esta moi breve aproximación, diremos que a obra lírica de Blanco Torres –que ha de ser sempre contemplada en estreita relación cos artigos xornalísticos do propio autor, por canto significa unha clara e nítida continuidade de pensamento e de acción ético-cívica–

non deixa de chamar a atención e compor un apartado especial dentro do conxunto das correntes dominantes no momento en que *Orballo da media noite* saíu á luz. O que non impide, non obstante, que Blanco Torres –e como xa adiantamos ao comezo destas liñas– se deseñe como unha figura perfectamente encadrada no pensamento galeguista-progresista do seu tempo e a través da cal ben podemos recuperar, (re)analizar aspectos e horas transcendentais da historia do noso país.